

Curso POO PHP Datas e horas

Datas e horas

En PHP non existe un tipo de datos específico para traballar con datas e horas. A información de data e hora almacénase internamente como un número enteiro. Non obstante, dentro das funcións de PHP tes á túa disposición unhas cantas para traballar con ese tipo de datos.

Unha das máis útiles é quizais a función **date**, que che permite obter unha cadea de texto a partir dunha data e hora, co formato que elixas. A función recibe dous parámetros, a descrición do formato e o número enteiro que identifica a data, e devolve unha cadea de texto formatada.

O formato débello compoñer utilizando como base unha serie de caracteres dos que figuran na seguinte táboa.

Carácter	Resultado
d	día do mes con dous díxitos
j	día do mes con un ou dous díxitos (sen zeros iniciais)
z	día do ano, comezando polo cero (0 = 1 de xaneiro)
N	día da semana (1 = luns, ?, 7 = domingo)
w	día da semana (0 = domingo, ?, 6 = sábado)
l	texto do día da semana, en inglés (Monday, ?, Sunday)
D	texto do día da semana, solo tres letras, en inglés (Mon, ?, Sun)
W	número da semana do ano
m	número do mes con dous díxitos
n	número do mes con un ou dous díxitos (sen zeros iniciais)
t	número de días que ten o mes
F	texto do día do mes, en inglés (January, ?, December)
M	texto do día do mes, solo tres letras, en inglés (Jan, ?, Dec)
Y	número do ano
y	dous últimos díxitos do número do ano
L	1 se o ano é bisesto, 0 se non o é
h	formato de 12 horas, sempre con dous díxitos
H	formato de 24 horas, sempre con dous díxitos
g	formato de 12 horas, con un ou dous díxitos (sen zeros iniciais)
G	formato de 24 horas, con un o dos díxitos (sen zeros iniciais)
i	minutos, sempre con dous díxitos
s	segundos, sempre con dous díxitos
u	microsegundos
a	am ou pm, en minúsculas
A	AM ou PM, en maiúsculas
r	data enteira con formato RFC 2822

Ademais, o segundo parámetro é opcional. Se non se indica, utilizarase a hora actual para crear a cadea de texto.

Para que o sistema poida darche información sobre a túa data e hora, debes indicarlle a túa zona horaria. Podes facelo coa función **date_default_timezone_set**. Para establecer a zona horaria en España peninsular debes indicar:

```
date_default_timezone_set('Europe/Madrid');
```

Para obter a data e hora actual en formato de número enteiro podes empregar a función **time**. Para pasar unha data (día, mes, ano) e hora (hora, minutos, segundos) a número enteiro, tes a función **mktime**. Outras funcións como **getdate** devolven un array con información sobre a data e hora actual.

Na documentación de PHP podes consultar todas as [funcións para xestionar datas e horas](#).